

BASES LEGAIS DO SORTEO DE 5 TOTE BAGS DE ATEGAL A TRAVÉS DO SEU PERFIL DE FACEBOOK ENTRE O 1 E O 11 DE XULLO DE 2024

1.-ORGANIZADOR E OBXECTO DOS SORTEOS

A ASOCIACIÓN CULTURAL GALLEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (en diante ATEGAL) levará a cabo, a través de Facebook, un sorteo dirixido a todas aquelas persoas físicas maiores de 18 anos cun perfil de usuario real nesta rede social, coa finalidade de fomentar a participación e interacción nos perfís da conta de ATEGAL.

2.-ÁMBITO TERRITORIAL E DE APLICACIÓN DA PROMOCIÓN

Os sorteos levaranse a cabo dentro do Estado Español, exclusivamente para usuarios das RRSS onde serán publicados e que acepten as presentes bases legais mediante participación nos mesmos e cumpran os requisitos descritos nestas bases.

3.-ÁMBITO TEMPORAL

O período de participación nos sorteos comezará o día 1 de xullo, ás 10:00 horas, e finalizará o día 11 de xullo ás 10:00 horas.

Convocaranse un total de 5 premios, que se anunciarán o día 11 de xullo.

4.-COMUNICACIÓN DOS SORTEOS

Os sorteos comunicaranse durante o período no que se atopen activos a través das contas de RRSS organizadoras.

5.-REQUISITOS, PERSOAS LEXITIMADAS E MECÁNICA DOS SORTEOS

A selección dos gañadores realizarase aos 10 días do lanzamento do sorteo e de forma aleatoria, a través dunha aplicación para sorteos entre os participantes.

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- Poderán participar, de forma gratuíta e voluntaria, aquelas persoas que residan en España e sexan maiores de 18 anos, previamente rexistradas na rede social Facebook cun único usuario real e que sigan á ATEGAL.

- Cumprir coa mecánica da promoción en Facebook consistente en:

Mecánica: seguir a ATEGAL en Facebook (www.facebook.com/ategalgalicia), dar "gústame" á publicación do sorteo e mencionar en comentarios a outro usuario real desta rede social coa que volver ás aulas o vindeiro curso.

- Repartiranse un total 5 premios que poderán ser acumulativos. É posible participar tantas veces como se queira sempre que se etiqueten a amigos diferentes. CADA COMENTARIO DIFERENTE equivale a UNHA PARTICIPACIÓN PARA O SORTEO, a condición de que cumpra cos requisitos anteriores.

Quedarán excluídos todos aqueles comentarios con etiquetas repetidas das mesmas contas.

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inapropiado, que resulten ofensivos, insultantes ou discriminatorios ou que poidan vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se admitirán comentarios contra unha persoa que vulnere principios do dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

Os organizadores non serán responsables de ningún dano causado polos comentarios realizados polos participantes nos sorteos, e que en calquera momento puidesen danar a sensibilidade doutros participantes

6.-PREMIO

Os usuari@s gañad@res, serán premiad@s con 1 tote bag do proxecto “mural pop art” de ATEGAL.

Publicarase en Facebook o 11 de xullo os gañadores. Elixiranse aleatoriamente 5 gañadores e 3 finalistas suplentes.

O sorteo terá lugar o día 11 de xullo de 2024. Os gañadores elixirán a que sede dispoñible de ATEGAL irán recoller o premio. ATEGAL resérvase o dereito de determinar que unha sede non está dispoñible para a recollida do premio en función das circunstancias da mesma.

Terá a consideración de premio deserto aquel que non ten ningún solicitante, ou que non é adxudicado porque ningunha persoa reúne os requisitos necesarios para a obtención do mesmo. ATEGAL resérvase a posibilidade de modificar as devanditas datas á súa conveniencia, sempre que sexa por causa xustificada.

Os premios contidos no presente sorteo, en ningún caso poderán ser obxecto de cambio, alteración, compensación en metálico ou cesión a pedimento do gañador/es.

7.-COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Unha vez finalizado o sorteo correspondente, ATEGAL poderá publicar os gañadores de cada concurso na súa conta de Facebook e enviará unha mensaxe privada informándolles do premio e solicitando a súa identificación. Os gañadores deberán comunicar a aceptación do premio nas 24 horas seguintes á publicación dos gañadores.

O gañador autoriza a publicación do seu nome de Facebook nas redes sociais de ATEGAL.



Estes datos serán utilizados exclusivamente para a comunicación do premio ou para aclarar eventuais continxencias unha vez aceptado.

No caso de que o gañador non responda dentro das 24 horas seguintes á data e hora de publicación do resultado do sorteo na conta de ATEGAL, e do envío da mensaxe no que se lle informa que foi gañador, entenderase que o rexeita, pasando o premio ao primeiro suplente elixido. Se este tampouco contesta, o premio pasará ao segundo suplente, e logo ao terceiro, quedando deserto se ningún deles responde.

8.-RESERVAS E LIMITACIÓNS

Os organizadores resérvanse a posibilidade de rexeitar o rexistro daqueles participantes cuxos datos non estean completos ou as súas participacións non cumpran os requisitos para poder entrar nos sorteos.

Os organizadores resérvanse tamén o dereito para efectuar cambios que redunden no bo fin dos sorteos, cando concorra causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levarlos a termo na forma descrita nestas bases.

A mera participación nesta campaña comercial supón a aceptación íntegra destas bases legais. A organización resérvase o dereito de efectuar, en calquera momento, calquera modificación, supresión e/ou adición ás presentes Bases legais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos usuarios.

Así mesmo, a empresa organizadora quedará exenta de toda responsabilidade se concorre algún dos casos sinalados.

A organizadora queda tamén eximida de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impidise a súa identificación.

9.- ACEPTACIÓN

A participación nos sorteos implica, por si mesma, a aceptación das presentes bases.

A falta desta aceptación por parte do participante comportará a exclusión da súa participación nos sorteos.

10.-AGRADECIMIENTO

Doutra banda, ATEGAL poderá solicitar aos agraciados publicar de forma voluntaria unha fotografía na súa conta de Facebook tomada co premio, facendo mención ás contas organizadoras dos sorteos unha vez finalizados.

11.-RECLAMACIÓN

O período de reclamación dos presentes sorteos finaliza transcorrido un mes desde a data de realización dos mesmos.

12.- FACEBOOK

A promoción non está patrocinada, apoiada, administrada ou asociada de ningunha maneira con Facebook, polo que os participantes exímena de toda responsabilidade por calquera dano que xurda dela.

13.-TRATAMENTO DE DATOS

En cumprimento do establecido en Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) así como pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD), ATEGAL informa aos participantes que os seus datos serán tratados para a xestión e desenvolvemento dos presentes sorteos, así como no seu caso, para a redención dos premios no caso de que resulten gañadores, sendo ATEGAL a entidade responsable do seu tratamento.

Os participantes declaran e garanten que todos os datos de carácter persoal que facilite a ATEGAL son veraces e correspóndense á súa identidade.

Os tratamentos dos datos indicados con anterioridade están lexitimados sobre a base da execución da relación promocional establecida con ATEGAL. A recollida dos datos persoais é necesaria para os fins indicados anteriormente, de maneira que unha eventual oposición polo participante suporía a imposibilidade de participar nos sorteos ou de poder entregarlle o premio correspondente, ao constituír o tratamento dos seus datos un requisito contractual.

O prazo de conservación dos datos de participantes e gañadores será o necesario para o proceso de validación e, en caso dos gañadores, para a entrega do premio. En calquera caso, os datos poderán ser conservados ata a finalización de prazos legais e a prescrición das accións que resulten de aplicación.

Os datos persoais poderán ser comunicados a organismos públicos en cumprimento de obrigacións legais que resulten de aplicación a ATEGAL.

En todo momento, poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, portabilidade e limitación do tratamento, recollidos no RGPD (UE) 216/679 e LOPDGDD, enviando a súa petición mediante correo electrónico a comunicacion@ategal.com baixo o



asunto de Protección de datos. Ademais, os participantes e gañadores teñen dereito a obter a tutela da Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es), en caso de entender que se vulneraron os dereitos.

14.-RESPONSABILIDADE

ATEGAL non responderá das causas alleas á súa vontade que puidesen impedir ao gañador o goce total ou parcial do seu premio.

A organizadora resérvase o dereito de eliminar dos sorteos por causa xustificada a calquera usuario que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario dos mesmos.

A organizadora queda exonerada de toda responsabilidade en caso de mal funcionamento das redes de comunicación electrónicas que impidan o normal desenvolvemento dos sorteos por causas alleas a ATEGAL e especialmente por actos externos de mala fe.

15.-FISCALIDADE

A realización do sorteo previsto, así como a entrega do premio están suxeitos á normativa fiscal vixente.

16.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de acordo con a lei española. Os Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese suscitarse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases.